

A CGENDL mostra a súa preocupación pola demisión dos coordinadores/as dos ENDL

Perante a demisión dos/as coordinadores dos ENDL, a Coordinadora Galega de Equipos de Normalización e Dinamización Lingüística quere manifestar o seguinte:

En primeiro lugar, expresar o recoñecemento público ao labor desenvolvido por estes/as profesionais ao longo dos pasados anos. O seu traballo de asesoramento, apoio e coordinación dos ENDL dos centros educativos foron un avance importantísimo para a realización do traballo dos equipos durante os pasados cursos.

Foi o seu, alén diso, un labor feito desde a coherencia, o compromiso sen complexos coa nosa lingua e unha profesionalidade que axudou a aunar esforzos, a non duplicar labores, a optimizar os recursos e os cartos dos contribuíntes e visibilizar o traballo colectivo, a maior parte das veces voluntarista, de moitas das persoas comprometidas coa nosa lingua nos centros de ensino.

En segundo lugar, mostrar a maior comprensión á hora de presentar a súa renuncia xa que, coma eles/as, observamos como desde a Secretaría Xeral de Política Lingüística se está a legislar en contra do traballo que viñeron desenvolvendo estes anos e en contra da nosa lingua.

En definitiva, a renuncia destes/as profesionais de grande valía para o noso traballo diario só pode ser entendida como un grave paso atrás no traballo a prol da normalización lingüística nos centros educativos.